



REGULAMENTO XV BIENAL DE PINTURA

1. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Poderán concorrer todos/as os/as artistas naturais e/ou residentes en Galicia ou no Norte de Portugal, maiores de 16 anos. A inscrición implica o envío de comprobantes válidos que confirmen a idade e naturalidade ou residencia dos participantes.

2. OBRA

2.1. Cada autor/a poderá concorrer con unha única obra, da súa exclusiva autoría e propiedade, no campo da pintura. A obra debe ser orixinal e inédita, e que non teña sido publicada nin exhibida con anterioridade, nin teña participado noutro certame ou concurso, condición que o/a autor/a acreditará asinando unha declaración a tal efecto.

2.2. Tanto o tema como a técnica empregada serán de libre elección, no en tanto os/as participantes deberán indicar claramente todas as técnicas e materiais utilizados.

2.3. As dimensións da obra non serán inferiores a 65cm no seu lado menor nin superiores a 120cm no seu lado maior. En caso de enmarcado da obra, o ancho da moldura non deberá superar os 3cm vista de fronte, que contarán para a medida total da obra.

2.4. Non se admitirán obras nin feitas nin enmarcadas en ou con vidro quebradizo.

3. INSCRICIÓN

3.1. Os/As autores/as que desexen participar deberán formalizar a inscrición a través da páxina web do Eixo Atlántico.

3.2. As inscricións terán lugar entre o 22 de abril a 21 de xullo de 2025.



3.3. Cada participante deberá cubrir todos os campos do formulario de inscrición do concurso dispoñible en <https://www.eixoatlantico.com/es/bienal-de-pintura/>. No formulario deberá anexar a seguinte documentación:

- i. Unha fotografía da obra en formato JPG ou PNG cunha resolución de 300 píxeles por polgada.
- ii. Un currículo do/a artista (cun máximo dunha páxina)
- iii. Copia de documento(s) idóneos e lexibles para a verificación da idade (obrigatorio entre os 16 e os 25 anos)
- iv. Comprobante de naturalidade ou comprobante de residencia (debendo ser do mes no que se inscribe, podendo ser correspondencia/facturas de servizos, por exemplo)
- v. En caso de que o/a participante sexa menor de idade, autorización asinada polos pais ou titores legais.
- vi. Declaración de que a obra é orixinal e inédita, e que non teña sido publicada ou exhibida con anterioridade, nin teña participado en ningún outro concurso e que leu, entendeu e acepta integramente o regulamento da XV edición.

3.4. Unha vez cumprimentados todos os campos, o/a concursante deberá enviar o formulario de inscrición, recibindo de maneira automática un correo de confirmación cun código de participación. Se isto non ocorre, deberá contactar coa organización a través do correo electrónico bienaldepintura@eixoatlantico.com.

4. SELECCIÓN

4.1. Unha vez pechada a recepción das obras, o xurado seleccionará as obras finalistas ata un número máximo de 30 que configurarán o conxunto itinerante para as exposicións que terán lugar nos municipios asociados do Eixo Atlántico, de Galicia e do Norte de Portugal, dende finais de 2025 e durante o ano 2026, en datas que se anunciarán no seu momento.

4.2. A organización notificará por correo electrónico a decisión do xurado ós/ás autores/as seleccionados/as e solicitará o envío da obra, indicando o enderezo e prazo de entrega que será dun máximo de 15 días.



4.3. Os/As autores/as das obras seleccionadas comprométense a ceder as mesmas durante o período de tempo en que sexan expostas, sen poder retiralas ata que conclúa o calendario establecido das referidas exposicións.

4.4. Se a obra recibida non coincidira fisicamente coa imaxe presentada ou tivese algún tipo de defecto, ou se o xurado considerase que a obra non cumpre os requisitos necesarios para formar parte da exposición, esta poderá ser descualificada.

5. ENTREGA DA OBRA

5.1. Os/As participantes poderán entregar directamente a súa obra ou ben enviala pola súa conta e risco. Os custos da entrega das obras son da enteira responsabilidade dos/as autores/as.

5.2. É imprescindible o envío da obra para continuar no certame.

5.3. En caso de que, despois de ser comunicado ó/á participante a selección da súa obra, non lle sexa posible a participación e respectivo envío da obra, deberá comunicalo á organización no prazo de 5 días xustificando o impedimento. De non ser así, quedará automaticamente descualificado/a para esta e para as seguintes edicións.

5.4. A obra deberá entregarse có boletín de identificación da obra, que será facilitado pola organización, que terá que ser adherido no dorso da obra e tamén no exterior da caixa de transporte.

5.5. A obra deberá ser entregada acondicionada nunha embalaxe de material ríxido, cun grosor mínimo de 8 milímetros, para asegurar a súa integridade durante a itinerancia e, preferiblemente, con forma de maletín de fácil apertura e pecho para a súa reutilización entre as exposicións. A organización non aceptará obras cunha embalaxe inadecuada.

5.6. Se a organización verifica que a obra non está embalada correctamente para a súa reutilización durante a itinerancia, o/a propio/a autor/a terá que encargarse da súa retirada ou da adaptación da embalaxe.



5.7. Os desprazamentos e estancias das obras nos locais das exposicións, están cubertas polas correspondentes pólizas de seguro, con os seguintes valores máximos:

- i. Obra á que se atribúa o primeiro premio: 4000 euros
- ii. Obra á que se atribúa o segundo premio: 2000 euros
- iii. Obra á que se atribúa o premio Novos Talentos: 1500 euros
- iv. Cada unha das restantes obras seleccionadas que integren a colección expositiva: 1000 euros

6. PREMIOS

6.1. Concederáse un premio Eixo Atlántico á mellor obra do certame, cun valor de 4000 euros, un segundo premio polo valor de 2000 euros, e un premio “Novos Talentos Luso – Galaicos” para novos/as artistas con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos, inclusive, cun valor de 1500 euros.

6.2. A deliberación do xurado será anunciada publicamente o día da inauguración da exposición, momento en que se fará entrega dos premios ós/ás galardoados/as. A inauguración realizarase en data e lugar a comunicar no seu momento, nun acto público e solemne ó que deberán asistir os/as premiados/as. Se por causas de forza maior non puideran asistir, deberanse facer representar para recibir o premio.

6.3. Todas e calquera obrigas fiscais que resulten da atribución dos premios, son da responsabilidade dos/as premiados/as.

6.4. As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Eixo Atlántico ou das entidades colaboradoras.

6.5. A adquisición da exclusiva propiedade das obras premiadas inclúe calquera dereito de explotación, distribución, exhibición, divulgación, reprodución, comunicación pública, etc., sen limitación temporal ou territorial.



7. ITINERANCIA

- 7.1. As exposicións da presente edición serán realizadas nos municipios e entidades do Eixo Atlántico, de Galicia e do norte de Portugal, por un período de cerca dun ano.
- 7.2. Todas as exposicións serán comunicadas nas redes sociais do evento e o comisariado enviará convites a todos/as os/as participantes para estar presentes en inauguracións ou algún tipo de iniciativa que os municipios poidan levar a cabo.
- 7.3. O Eixo Atlántico asumirá o comisariado da XV Bienal de Pintura.

8. CATÁLOGO

- 8.1. Editarase un catálogo dixital con todas as obras seleccionadas que poderá ser descargado na páxina web do Eixo Atlántico ou a través dun código QR que estará dispoñible nas salas de exposición.
- 8.2. Os/As autores/as participantes, polo mero feito de presentarse, aceptan a cesión dos dereitos de explotación á entidade organizadora e ós patrocinadores para a reprodución da obra no catálogo e para fins de publicidade e divulgación.

9. XURADO

- 9.1. O xurado estará composto por un panel de entre seis a oito membros, formado por personalidades ligadas ó mundo das artes plásticas e da cultura, tanto de Galicia como do Norte de Portugal.
- 9.2. A composición do Xurado será a seguinte:
 - 9.2.1. Un/unha presidente/a que terá voto de calidade e, sempre que sexa posible, deberá alternar entre persoas de Galicia e do Norte de Portugal.
 - 9.2.2. Entre catro e seis vocais, un dos cales será o/a vencedor/a do primeiro premio da edición anterior, convidado/a pola organización para integrar o xurado.



9.2.3. Un dos membros será unha persoa do Eixo Atlántico, que exercerá funcións de secretariado, sen dereito a voto.

9.3. As decisións do xurado serán por maioría e inapelables.

10. RECOLLIDA DAS OBRAS

10.1. Os/As autores/as das obras seleccionadas poderán retiralas unha vez finalizada a itinerancia, nun prazo máximo de 45 días despois de recibir a notificación que será enviada unha vez clausurada a última exposición. A retirada deberá ser feita polo/a autor/a ou por medio dunha persoa autorizada ó efecto, para o que o/a autor/a da obra deberá comunicar á organización en tempo oportuno os datos da persoa autorizada, que no momento da recollida deberá mostrar a súa identificación.

10.2. En alternativa, poderase enviar a obra a portes debidos ó/á destinatario/a para o enderezo de entrega solicitada polo/a propio/a autor/a. Os gastos de recollida ou entrega son da enteira responsabilidade dos/as autores/as.

10.3. Unha vez transcorrido o prazo estipulado para a recollida, se as obras non foron retiradas nin os/as autores/as comunicaron a súa intención de facelo indicando a data de recollida, entenderase que ditas obras foron abandonadas polo/a autor/a, pasando automaticamente á propiedade e libre disposición da organización do Premio.

11. INCIDENCIAS

11.1. A presentación a este concurso implica a autorización expresa á organización do certame para a reprodución e exhibición das obras seleccionadas, así como da imaxe e datos dos/as seus/súas autores/as, tanto en soportes gráficos como audiovisuais e informáticos.

11.2. Todas as incidencias e reclamacións que se puideran presentar serán resolvidas polo xurado, cuxo fallo será inapelable.



11.3. A participación neste certame implica a total aceptación do seu regulamento.

12. TRATAMENTO DE DATOS

En cumprimento do que dispón Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, informamos que os datos aportados polos participantes serán tratados polo EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR, provisto de CIF nº G36798510, e incorporados ao ficheiro “Premios e concursos”. Este tratamento realizarase exclusivamente para a materialización da participación na Bienal de Pintura e os datos conservaranse indefinidamente para fins de arquivo mentres haxa un interese mutuo. Non se comunicarán ditos datos a terceiros, salvo por obriga legal ou pola difusión propia das actividades da Bienal de Pintura.

Os datos serán conservados para o seu tratamento a fin de dar cumprimento á finalidade indicada ou ben por motivos lexítimos.

Una vez cesada a obriga de conservación, os datos poderán ser eliminados da base de datos ou, no seu caso anonimizados.

En calquera momento, os participantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade. Tamén poderá retirarse ou revocar os consentimentos que se tiveran prestado de xeito expreso. Estes dereitos se exercerán directamente polo interesado, aportando fotocopia do DNI ou documento equivalente ou ben mediante representación legal ou voluntaria, ante o responsable do ficheiro, a través dos seguintes datos de contacto: eixoatlantico@eixoatlantico.com. - Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, C/Bolivia 4, baixo, 36202- Vigo ou no teléfono +34 986 480 616.

En caso de considerarse vulnerada a normativa ou o disposto na presente cláusula, poderá presentarse unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos a través da súa sede electrónica ou da súa dirección postal, que poderá consultarse na web <https://www.aepd.es/>